

TRES DÍAS NO INVERNADOIRO



O pasado mes de Novembro algúns alumnos de 4ºA, B e C fomos de excursión ao Monte Invernadoiro, en Ourense.

Saímos de Melide pola mañá cedo do luns 7 e cando chegamos ao Invernadoiro xa case era mediodía. Polo camiño vimos algúns animais que moitos de nós nunca viramos (cervos, esquíos...). Cando baixamos do bus fomos ver as nosas habitacións e alí deixamos as maletas; despois cada un fixo a súa comida. O día estaba bo, ía un pouco de frío pero non chovía.

Á tarde fixemos unha marcha, polo camiño vimos rebezos (grazas a un telescopio que levaba o guía), setas e unhas vistas maravillosas. Cando volvemos para o campamento ceamos e atendemos ás explicacións que o guía nos deu (algunhas delas entre risas). A continuación algúns de nos lle pedimos a Susana e a Natalia se podíamos ir dar unha volta, elas aceptaron pero coa condición de que se a unha determinada hora non estabamos de volta, elas mesmas saírían a buscarnos, pois tiñan medo de que nos atacase un lobo. Así fixemos, cada un de nos colleu a súa lanterna e abrigos e saímos. Como xa era de noite, dúas das nosas compañeiras tiveron que volver ao campamento porque tiñan medo. Xa de volta, cada un fixo o que lle apetecía; uns optaron por quedar falando nas habitacións e outros por xogar á gñija. Eu optei pola primeira e quedei coas miñas amigas na habitación onde nos rimos moitísimo coas imitacións de algúns dos nosos compañeiros da película «El señor de los amigos».

Ao día seguinte cando as mestras nos espertaron a maioría tiña moitísimo sono, pero aínda así saímos a camiñar (ique remedio!). Desta vez vimos moitas pegadas

TRES DÍAS NO INVERNADOIRO

de animais e a ruta de volta foi toda á beira do río, que por certo, a súa auga era tan cristalina que ata se podía beber dela. Á tarde o ceo encheuse de nubes, e pouco tardou en chover; pero a pesares diso saímos a andar. A nosa ruta era a peor, esperábannos terribles costas polas que podías esvarar facilmente, pero mereceu a pena pasalas porque puidemos ver máis corzos. De volta ó campamento o guía deunos uns traballos que tivemos que facer para entregarllos á nosa volta á mestra de bioloxía.

Ao día seguinte todos tiñamos pena de marchar de alí, aquilo era precioso, cunha paisaxe sen coches nin lixo e unhas vistas inimaxinables, un lugar incomparable no cal se respiraba tranquilidade. Xa no bus e antes de partir para a casa puidemos ver como dentro do valado que había diante do albergue corrían moitos corzos, cousa que nos días anteriores non pasara.


De regreso a Melide, fomos a Chaves (Portugal), un lugar cunha historia que nos explicou brevemente Susana Losada. Alí puidemos ver igrexas, a torre dun castelo e, despois de comer, o museo arqueolóxico. Cando estábamos dentro del todos saímos alarmados polo ruído de fora, que era unha festa tradicional en forma de protesta que facían cada ano os universitarios.

Despois paramos a ver o Castelo de Monterrei onde, un home nos contou toda a súa historia (icantos nomes había!). Ao saír de alí xa era noite e unhas horas despois xa todos estábamos de volta no noso fogar.

ANA M^a PAZOS, S4B

O noso paso polo Invernadoiro causounos boa impresión. O peor da excursión foi o acceso ao albergue, pero despois a dura viaxe mereceu a pena. Aprendemos a convivir e a ser mellores compañeiros os uns cos outros. A exploración da natureza levounos horas de camiño, pero, pese ao mal tempo tivemos a oportunidade de ver especies descoñecidas para nós: gamos, corzos, rebezos... Tamén visitamos o criadeiro de troitas e fixemos senderismos pola beiras do río.

Logo visitamos a cidade portuguesa de Chaves e subimos a





TRES DÍAS NO INVERNADOIRO



cima do Castelo de Monterrei, en Verín, onde puidemos gozar dunhas asombrosas vistas.

Gardamos bo recordo da excursión e esperamos que nos volvan levar pronto a outra viaxe.

ANA AGRA E TANIA CARRIL, S4C

Gustounos moito ver aos animais salvaxes e unhas supertroitas de tamaño impresionante que nunca viramos.

O biólogo, que se chamaba Jesús Blanco, era moi entretido e pasámolo moi ben, sobre todo na aula da natureza, onde lle deron algúns ataques de risa por culpado compañeiro Iván Conde. En resumo,

pasámolo moi ben.

IVÁN CONDE E QUIQUE MEJUTO, S4C

A principios de novembro fomos ao Invernadoiro. Pasámolo moi ben, sobre todo a primeira noite, que durmimos todos xuntos. Fixemos a nosa propia comida, as camas e recollíamos as habitacións.

O segundo día, pola noite, rímonos moito. Bea e Patricia caeron por un terraplén enlameado. Alba caeu da cama a media noite dende a liteira de arriba, pero ninguén se decatou nin lle fixo caso e ao día seguinte todos rímonos dela.

Andrea e Bea contaron as súas vidas privadas sentadas na cama. Tania tamén caeu cando íamos de sendeirismo á beira do río.

P.D.: As profes, Susana Losada e Natalia, podían ter sido mellores.

ALBA, PATRICIA E ANDREA, S4C

Paseino moi ben porque disfrutei moito na viaxe e no albergue cos meus compañeiros. O primeiro día durmimos rapaces e rapazas xuntas, pero na nosa habitación non parábase de berrar e rirnos e as profesoras castigáronnos. O segundo día non paramos de pintarlle a cara a todos pola noite e o peor de todo foi que un rapaz vomitou todo e o cuarto de baño estaba inundado. Non me gustou nada ter que andar polas tardes e menos chovendo. Polo demais gustoume estar en contacto coa natureza, pero tiña que ser máis días.

FERNANDO, S4C

A primeira noite

O primeiro día que chegamos, a Tania ocorréuselle a idea de dar un paseo á noite e nos aceptamos. Comezamos a camiñar polo monte. Andamos sobre media hora e todos tiñamos medo dos lobos, especialmente L. e N. Polo camiño nós íamos coas lanternas. O mellor foi cando Conde fixo o lobo e todo o mundo colleu moito medo. L. e N. querían volver, pero T. que-



TRES DÍAS NO INVERNADOIRO

ría andar máis. N. dicía que ía coller unha depresión e ao final volvemos.

ALUMN@ DE S4C

A primeira noite nese albergue situado no medio de ningún sitio foi o mellor. As profes deixáronnos durmir en habitacións mixtas e fixemos dous grupos dependendo máis ou menos das nosas amizades.

Sobre as dez da noite estabamos a escoitar música no mp3 e decidimos marchar ao monte dar unha volta. Iamos en pixama e en zapatillas, por camiños de terra, era noite pecha e non se vía nada, chegamos a ponte dun río que había alí. Sentámonos no chan, e comezamos a contar historias de "medo".

Nos queriamos asustar aos do outro grupo e escondémonos detrás dunhas pedras. Cando chegaron os outros metímoslle medo e comezaron a correr mentres que nos morriamos da risa.

Despois, xa na nosa habitación, vixiada pola profe Natalia, a penas se podía durmir. Ao principio todos espertos falábamos, ata saímos fóra torturar a un pobre sapo que pasaba por alí. Despois, a porta da habitación foise abrindo pouco a pouco e alí apareceu Natalia, co seu pixama e zapatillas de casa, berrounos e todos calamos durante un curto período de tempo. A troula volveu a empezar máis tarde cun ronquido dun dos nenos de aquela habitación que nos fixo estremecer. Así empezou todo, houbo xente que non durmiu en toda a noite e estivo de troula, pero sempre respectando o sono dos demais que querían descansar; exceptuando un individuo que se emocionou con unha lanterna e non paraba de alumear á xente.

Ás 7 da mañá levantouse Natalia de novo, algúns nin nos decatamos porque estabamos durmindo, o que quere dicir que na habitación non había tanto ruído.

Ás 9 da maña xa tivemos que levantarnos para poñernos a camiñar.

Algunhas caídas

Houbo varias caídas, andar polo monte nun día de chuvia non é tan doado... Destacamos as máis notables:

- Bea caeu da liteira de arriba cando estaban xogando a un xogo, aterrou enriba da maleta de Tania

- A segunda noite na habitación das rapazas, cando todas estábamos durmindo un forte PUM fixo estremecernos, era





TRES DÍAS NO INVERNADOIRO



Alba que caera da liteira mentres durmía co saco cerrado.

- Na saída da aula da natureza, onde recibimos unhas clases, había un pequeno barranco, todo estaba escuro e Patricia e Bea non se decataron del...Cando se levantaron estaban cheas de lama e tiveron que cambiar o pixama

- No percorrido do segundo día tivemos que baixar por unha costa moi empinada e esvaradía, Tania non andou con tino e...a cueira do pantalón non valía nin para ver.

Cousas peores puideron pasar, senón preguntádelle a Vacenas, que estivo a punto de caer por un ba-

rranco, sorte que apareceu Toxo alí para rescatalo.

Non somos conscientes de máis caídas, exceptuando, claro, tropezoños de vez en cando, típicos de calquera que anda por un monte.

DAVID FUENTES, BEATRIZ MÉNDEZ, DANIEL MATO E GIOVANNA FOCIÑOS, S4B

A gũija

Eran as 12 da noite cando un grupo de rapaces decidimos xogar a gũija. Para que non nos molestase ninguén, fomos para a cociña do albergue, alí comezamos a xogar. Ao principio todos o tomábamos como un xogo no que ningún dos que estabamos alí críamos, pero aínda así decidimos facelo en serio. Estando todos concentrados, dixémoslle ó espírito que si estaba alí nos dera un sinal e aos poucos segundos o vaso moveuse. Agora estamos todos convencidos de que alguén dos alí presentes moveu o vaso, pero naquel momento saímos todos correndo da cociña porque nos asustamos. Aínda así volvemos os mesmos cara a cociña para xogar de novo, pero ó cabo dun anaco escoitamos uns ruídos de estraña procedencia e como xa estabamos asustados polo de antes marchamos para a habitación.

Nesa habitación foi onde "durmimos", alí estivemos todos falando e aí ás 2 da noite

decidimos ir á outra habitación facerlle algunha trasnada ós que durmían alí pero unha das profes pillounos e tivemos que volver para a nosa habitación. Despois un grupiño de sete rapaces decidimos, xa que estabamos de excursión, non durmir e pasalo ben, así que para non molestar ós demais xuntámonos todos nunha cama. Para nós esa noite foi o mellor da excursión xa que pasou case de todo (os que estabades alí xa me entendedes ¿verdade?), estivemos contando chistes, cantando e ata bailamos. En definitiva: unha gran noite.

DAVID GARCÍA E TANIA PARDO 4ºB

